

AXUDAS

ÁS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL E AS SÚAS ENTIDADES PROMOTORAS

Convocatoria 2022



XUNTA
DE GALICIA

Normas xerais e convocatoria 2

Programa I – Axudas ao mantemento do custo salarial das persoas traballadoras en risco ou situación de exclusión social.....4

Programa II – Axudas para compensar os custos adicionais do emprego de persoas en risco ou situación de exclusión social 5

IMPORTANTE:

**A información que se ofrece neste documento é un resumo
que non substitúe a orde de bases reguladoras.**

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

NORMAS XERAIS E CONVOCATORIA

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 27 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 17, do 26.01.2022).

FINALIDADE

Promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción que teñan centros de traballo en Galicia a través de 2 programas de axudas:

- PROGRAMA I: axudas ao mantemento do custo salarial das persoas traballadoras en risco ou situación de exclusión social.
- PROGRAMA II: axudas para compensar os custos adicionais do emprego de persoas en risco ou situación de exclusión social.

BENEFICIARIAS

Esta convocatoria diríxese a:

- a) as entidades promotoras de empresas de inserción e as empresas de inserción inscritas como tales no Rexistro Administrativo das Empresas de Inserción de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 156/2007, do 19 de xullo.

- b) aquelas empresas que na data de presentación da solicitude da axuda teñan solicitado a súa cualificación como empresa de inserción, de conformidade co Decreto 156/2007, do 19 de xullo.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por separado para cada un dos programas, **obrigatoriamente** por medios electrónicos a través dos formularios normalizados (anexos I e II) dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, (<https://sede.xunta.gal/chave365>)

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Desde o día seguinte á publicación da orde no DOG ata o 30 de setembro de 2022.

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

O órgano competente para tramitar e resolver estas axudas é a Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Concorrenza non competitiva

EXECUCIÓN

PERÍODO DE EXECUCIÓN

Desde o 1 de outubro de 2021 ata o 30 de setembro 2022.

XUSTIFICACIÓN

As entidades promotoras de empresas de inserción e as empresas de inserción beneficiarias deberán presentar a xustificación conforme á resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos mediante solicitude conforme os modelos que figuran como anexos na orde.

Data máxima de presentación da solicitude de pagamento e xustificación das accións:

8 de novembro de 2022

O gasto subvencionable é o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

FINANCIAMENTO

Esta convocatoria está dotada con 800.000,00 €. A distribución inicial de créditos entre os dous programas é a seguinte:

- Programa I: **865.000,00 €**
- Programa II: **135.000,00 €**

PROGRAMA I – AXUDAS AO MANTEMENTO DO CUSTO SALARIAL DAS PERSOAS TRABALLADORAS EN RISCO OU SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL

FINALIDADE

Subvencionar parcialmente ás empresas de inserción os custos salariais das persoas traballadoras en situación ou en risco de exclusión social.

BENEFICIARIAS. REQUISITOS

1. Os **contratos de traballo** subscritos entre as persoas traballadoras en situación ou en risco de exclusión social e as empresas de inserción terán que reunir as seguintes características:

- a) Deberán formalizarse por escrito, axustándose ao disposto na Lei 44/2007, do 13 de Decembro.
- b) A súa duración **non poderá ser inferior a 6 meses nin superior a 3 anos**.
- c) A xornada de traballo non poderá ser inferior ao 50% da establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legalmente establecida.
- d) A persoa seleccionada, a empresa de inserción e os servizos sociais deberán subscribir o convenio de inserción, co contido sinalado no artigo 13 do Decreto 156/2007, do 19 de xullo.

2. Non poderán ser contratadas as persoas traballadoras que nos dous anos inmediatamente anteriores prestasen servizos, na mesma ou en distinta empresa de inserción, mediante un ou varios contratos de traballo, incluído o contrato temporal de fomento do emprego.

3. A empresa de inserción estará obrigada a facer un seguimento das persoas traballadoras en proceso de inserción mediante itinerarios individualizados de formación e ocupación.

CONTÍA DA AXUDA

1. A contía da subvención será equivalente ao salario mínimo interprofesional mensual por cada persoa traballadora subvencionable, incluídas as pagas extraordinarias dos meses de decembro e xuño.

2. Esta contía será proporcional á duración da xornada de traballo.

3. Para o cálculo da subvención correspondente ás mensualidades xa vencidas na data de presentación da solicitude, teranse en conta as persoas traballadoras subvencionables que estivesen efectivamente contratadas no dito período. Para as mensualidades seguintes terase en conta o cadro de persoal do mes en que se presente a solicitude.

PROGRAMA II – AXUDAS PARA COMPENSAR OS CUSTOS ADICIONAIS DO EMPREGO DE PERSOAS EN RISCO OU SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL

LIÑAS DE AXUDA E CONTÍAS:

As empresas de inserción poderán acceder ás seguintes liñas de axuda:

a) Asistencia técnica para a creación, mellora e diversificación da EIL.

Destinada a financiar os custos dirixidos á mellora, reorientación e diversificación da actividade empresarial.

Tamén poden acceder a esta axuda as entidades promotoras de empresas de inserción, para sufragar os custos que comporta o proceso de creación de empresas de inserción.

Contía da axuda:

80% do custo total, cos seguintes límites:

- estudos de mercado, estudos de viabilidade técnica, económica e financeira e labores de asesoramento e consultoría: ata **6.000,00 €**.
- auditorías contables: ata **1.500,00 €**.
- auditorías sociais: ata **1.500,00 €**.
- certificacións de calidade: ata **1.000,00 €** para a certificación e **1.000,00 €** para a súa implantación.

b) Inicio e posta en marcha da actividade.

Destinada a subvencionar parcialmente os gastos correntes derivados da posta en marcha da actividade: compra de mercadorías, materias

primas e outros aprovisionamentos, gastos de arrendamento do local, de maquinaria e de equipamentos informáticos, gastos de seguro do local e publicidade e subministracións (gastos de luz, auga, etc) e gastos de constitución tales como gastos de notario e rexistro, altas e taxas necesarias para satisfacer o inicio da actividade.

Contía da axuda:

80% do custo total, cos seguintes límites:

- ata **3.000,00 €** por cada posto de traballo de persoas en inserción a xornada completa vixente durante todo o período subvencionable sinalado na convocatoria, ou a parte proporcional se o contrato é a tempo parcial ou a duración é inferior.
- contía máxima por este concepto: **12.000,00 €**

c) Creación e ampliación de novos postos de traballo para persoas en inserción.

Dirixida a subvencionar a creación de novos postos de traballo de persoas en risco ou situación de exclusión social. Terase en conta o investimento en adquisición de locais, vehículos comerciais ou industriais, maquinaria e útiles, equipamentos para procesos de información, mobiliario e equipamentos de oficina, activos inmateriais vinculados a novas tecnoloxías da información e ás comunicacións e dereitos e patentes.

Contía da axuda:

80% do custo total, cos seguintes límites:

- ata **12.000,00 €** por cada posto de traballo de persoas en inserción a xornada completa, creados respecto da última subvención.
- esta contía incrementarase nas porcentaxes que se sinalan a seguir, acumulables entre si ata **21.000,00 €** por cada posto de traballo creado:
 - a) un 25 % se a persoa contratada é unha **muller**.
 - b) un 25% se a persoa contratada ten **máis de 45 anos**.
 - c) un 25 % se o centro de traballo está situado nun **concello rural**.

d) Contratación de xerentes ou persoas técnicas de produción necesarias para garantir a viabilidade da EIL.

Destinada a subvencionar parcialmente os custos da contratación de xerentes ou persoas técnicas de produción necesarias para garantir a viabilidade técnica, económica ou financeira.

Contía da axuda:

- 50 % dos custos laborais totais, incluído o importe efectivamente cotizado á Seguridade Social, co seguinte límite:
- ata **10.000,00 €** anuais polo total do período subvencionable.

e) Contratación de persoas técnicas en orientación e acompañamento á inserción.

Dirixida a subvencionar parcialmente os custos da contratación de persoal técnico coa finalidade de desenvolver accións de orientación e acompañamento ás persoas traballadoras en proceso de inserción e facilitarlles a súa plena integración.

Esta axuda está aberta tanto a empresas de inserción como ás súas entidades promotoras.

Contía da axuda:

50 % dos custos laborais totais, incluído o importe efectivamente cotizado á Seguridade Social, cos seguintes límites:

- ata **3.000,00€** por cada persoa traballadora en proceso de inserción atendida, por un período dun ano a xornada completa, ata un máximo de **18.000,00 €.**

f) Formación para as persoas en proceso de inserción.

Destinada a financiar parcialmente a formación relacionada co itinerario de inserción das persoas en inserción. A formación terá que ser impartida por entidades alleas á empresa de inserción.

Contía da axuda:

100 % do custo dos servizos, cun límite máximo por empresa de inserción de **3.000,00 €.**

g) Mediación laboral para a inserción no mercado laboral ordinario da persoa en situación ou risco de exclusión social.

Dirixida a incentivar os labores de mediación laboral, subvencionando ás empresas de inserción laboral polos seguintes supostos:

g.1) A incorporación dunha persoa en proceso de inserción a unha empresa ordinaria con carácter indefinido ou cando o contrato en inserción se transforme nun contrato indefinido.

g.2) Cando a persoa en proceso de inserción inicie unha actividade por conta propia ou se incorpore como socio traballador a unha sociedade cooperativa.

g.3) Cando a persoa en proceso de inserción sexa contratada na empresa ordinaria cun contrato temporal de duración igual ou superior a un ano.

Contía da axuda:

- ata **6.000,00€** nos supostos **g.1)** e **g.2)**

- ata **2.000,00 €** no suposto **g.3)**

As axudas sinaladas nas letras a) e e) poden ser solicitadas polas empresas de inserción ou polas súas entidades promotoras (unha ou outra).

MÁIS INFORMACIÓN

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO,
TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Edif. Administrativo. San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

981 544 682

ceei.xunta.gal
economiasocial.emprego@xunta.gal

eusumo.gal
info@eusumo.gal